



Escola Galega
de Teatro Musical

COLEXIO SANTO DOMINGO CURSO 22/23



Grupos de primaria e
secundaria.

FAI TEATRO MUSICAL

+ info: www.escolagalegadeteatromusical.com



Presentación

A Escola Galega de Teatro Musical fúndase en outubro 2018, con sede en A Coruña, para crear un importante camiño de ampliación das nosas artes, achegando aos nosos veciños e veciñas unha das vertentes máis populares do teatro. Tras catro anos e traballo cos nosos alumnos e alumnas, queremos implantar o noso modelo educativo no voso centro, o Colexio Santo Domingo, un referente no movemento artístico a nivel escolar da nosa cidade.

Información xeral do curso

A actividade ten como obxectivo a inmersión dos alumnos no mundo do Teatro Musical e polo tanto, das distintas disciplinas das que se compón. Coñecerán os principios básicos da Arte Dramática na súa especialidade musical e participarán na creación de obras que integren interpretación, canto e danza.

Danza: Unha das formas máis divertida de estar en forma. Estimula a circulación e mellora a axilidade e o equilibrio. Tamén axuda a traballar a expresión corporal e a corrixir a postura. *“Mens sana in corpore sano”*

Canto: Mellora a capacidade vocal, auditiva e pulmonar, fortalecendo o aparello respiratorio. O canto traballa co diafragma con melloras na expresión oral cotiá. Libera e fai esquecer as tensións. *“Respira felicidade”*.

Interpretación: A mellor forma para comunicar con paixón. Mellora as habilidades sociais, e axuda a falar e expresarse con claridade, algo cada vez máis demandado no ámbito laboral e académico e que sen dúbida, é preciso traballar dende a infancia. Ademais axuda a profundizar na lectura e mellorar a comprensión lectora. Favorece a creatividade lo alumno mediante a improvisación e a resolución de conflitos. Actuando, os alumnos e alumnas están nunha búsqueda constante; toman decisións, aprenden máis sobre eles e sobre os demais e sobre todo empatizan. *“Non sexas tímido, soña, vive outras vidas”*.

Bloques de estudo:

- Interpretación: Interpretación Musical e Improvisación.
- Voz e música: Canto e Música, Expresión Oral e Repertorio.
- Corpo: Danza, Acrobacia e Expresión Corporal.

Duración das clases

As clases será inicialmente de 3 horas semanais, a determinar polo centro educativo e dentro das súas instalacións. O alumnado que como excepción asista só un dos días por problemas de axenda, terá que pagar a mesma cota que as persoas que asistan os dous días semanais e a súa participación na montaxe final, pode estar condicionada por esta falta de asistencia, aínda que participará de seguro con algún papel.

Idade do alumnado

Os grupos serán inicialmente, un de primaria e outro de secundaria, pero unha vez creados revisaremos o nivel de cada un coa posibilidade de ser modificados segundo as aptitudes e actitude de cada grupo.

Obxectivos xerais do curso.

-Abordar o proceso de aprendizaxe sen prexuízos: Os coñecementos previos do alumno non deben obstaculizar a adquisición dos novos.

- Cumprir coas normas de hixiene específica da actividade: Aprender a acondicionar o corpo e a mente para unha actividade que vai exixir un esforzo físico e mental. Manter unha actitude que permita analizar e percibir a propia persoa con enerxía e profundidade.
- Comprometerse co traballo persoal: Tomarán conciencia da importancia do estudo se queren que os proxectos nos que participan avancen.
- Puntualidade: Entrar a la clase ordenada e puntualmente.
- Cultivar actitudes que fomenten a comunicación e a confianza, evitando que o mal humor e o desánimo interfiran no proceso de aprendizaxe.
- Expresar con claridade e respecto as ideas, conceptos ou sensacións para favorecer o intercambio.

Obxectivos específicos do curso.

- Coñecer e levar á práctica os sistemas de interpretación na posta en escena do espectáculo.
- Aplicar as ferramentas de corpo, voz e interpretación na posta en escena do Teatro Musical.
- Crear espectáculos.
- Aprender a traballar de forma autónoma e a valorar a importancia da iniciativa e o espírito emprendedor.
- Fomentar a capacidade para automotivarse e organizarse nos procesos creativos.
- Utilizar a capacidade da imaxinación, a intuición, a intelixencia emocional e o pensamento creativo para a solución de problemas e para resolver situacións ficticias.
- Coñecer e aplicar a disciplina propia da arte dramática con boa actitude e implicación.
- Fomentar a expresión e creación persoal, integrando os coñecementos técnicos e prácticos adquiridos, asumindo o risco e tolerando o fracaso.
- Coñecer os principios de comunicación e expresión propios da linguaxe teatral.
- Recoñecer e tomar conciencia das posibilidades expresivas, corporais e vocais a través do teatro.
- Deixar atrás a timidez, e posuir ferramentas para loitar contra ela.
- Falar e expresarse con determinación e claridade.
- Mellorar a dicción.

Metodoloxía

O método utilizado respecta os seguintes principios:

- Principio de priorización da práctica: a maior parte do traballo consiste na realización de exercicios prácticos e xogos.
- Principio de actividade e participación: mediante actividades que favorezan o dominio técnico e estimulen ó alumnado na dinámica da clase. Animarase á acción mediante comentarios críticos e reforzos positivos.
- Principio de individualización: respectando as diferenzas de cada alumno/a, favorecendo a adaptación á súa orixinalidade e expresividade.
- Principio de progresión: ordenación da actividade segundo un criterio de complexidade crecente.
- Principio de colaboración: fomentando a colaboración técnica e artística entre os alumnos/as.
- Principio de autoaprendizaxe: que permita que o alumnado descubra por el mesmo a aplicación e a finalidade do traballo, favorecendo a autorreflexión.

Actividades que se abordarán nas clases en maior ou menor medida

Expresión corporal: O corpo, queda nos tempos modernos relegado a unha posición secundaria fronte a expresividade vocal, pero non podemos esquecer, que non existe unha boa comunicación se ambas partes traballan de xeito illado. É fundamental que dende a infancia, corpo e voz traballen xuntos nunha comunicación completa. O corpo é o motor e soporte das nosas emocións.

Acrobacia: Sen asumir riscos innecesarios, intentaremos que os rapaces e rapazas teñan unha primeira toma de contacto con esta actividade tan saudable e grupal.

Danza: Faremos un percorrido polos distintos estilos de baile dende os seus inicios primitivos como culto en sociedades primitivas ata as danzas urbanas máis modernas, pasando polo ballet, as danzas históricas e como non, o estilo fundamental do teatro musical, o jazz.

Música: Veranse os conceptos básicos da linguaxe musical e as aplicacións da materia dentro da expresividade e a interpretación teatral. Traballarase o oído musical e os conceptos tempo-ritmo.

Canto: O canto é a materia por excelencia no teatro musical. Aprenderán a técnica vocal básica no traballo de voz falada e cantada, pero tamén traballarán o canto aplicado á arte dramática, sen esquecer a fundamental unión corpo-voz.

Expresión oral: Os problemas na fala son comúns a estas idades. Os nenos e nenas poderán traballar a importancia da palabra oral e a boa pronunciación. É importante que os cidadans teñan cada vez máis consciencia do uso da palabra e de como temos que falar e presentar proxectos en público.

Repertorio: Farase un pequeno percorrido polo repertorio da historia do teatro e o cine musical.

Teatro/Interpretación/Improvisación: Traballarase as distintas ferramentas da Arte Dramática e a aplicación teatral desta. Os alumnos/as participarán nunha pequena montaxe teatral na que serán uns auténticos actores e actrices de teatro musical, interpretando, cantando e bailando. Ademais coñecerán a raíz do traballo actoral, dende os comezos do proceso: análise de textos, estudo e creación de personaxes, dominio das emocións...

Preparación de probas de acceso a ensinanzas artísticas superiores para alumnos de bacharelato.

Ofertamos o alumnado que asista ás clases, a posibilidade de preparar o exame ás distintas esads nacionais para cursar a carreira pública ou privada de interpretación, dirección, dramaturxia ou escenografía, sen coste adicional. De querer sesións individuais de cara ós exames, o prezo de cada sesión extraordinaria será de 20 euros. No noso último ano, o 100% do alumnado que presentamos aprobou ó exame e entrou con nota nestas carreiras.

Prezo

A actividade será pagada en 10 cotas, correspondentes ás 9 mensuralidades de outubro a xuño. Ambos incluídos. O prezo é de 50 euros mensuais en ambos grupos. A reserva de praza será gratuíta.

5% de desconto para 2 irmáns e 10% se vides 3 ou máis.

As cotas serán ingresadas polas familias mensualmente na seguinte conta:

ES29 0049 4332 15 2790027291 (B.Santander)

Titular: Sara Pérez Fandiño

Concepto: NOME E APELIDOS DO ALUMNO/A + MES

Contacto

www.escolagalegadeteatromusical.com
escolagalegadeteatromusical@gmail.com
Tlf: 645076621



MATRÍCULA DOMINICOS

NOME E APELIDOS:

DATA DE NACEMENTO:

DNI:

COIDADOS ESPECÍFICOS, ALERXIAS, LESIÓNS...:

.....
.....
.....

TITORES LEGAIS (DE SER MENOR DE IDADE):

- DNI:

- DNI:

TELÉFONOS DE CONTACTO:/.....

CORREO ELETRÓNICO:

AUTORIZO A COMUNICACIÓN VÍA WHATSAPP: SI / NON

CORREO ELECTRÓNICO:

PERSOAS ENCARGADAS DA RECOLLIDA:

-
-

A matrícula quedará formalizada unha vez enviada xunto co xustificante do ingreso.

ES29 0049 4332 15 2790027291 (B.Santander)

Titular: Sara Pérez Fandiño

Concepto: NOME ALUMNO/A

TRATAMENTO DE DATOS E IMAXES

A EGTM actúa no marco do Regulamento 6/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas (RGPD). Levaranse a cabo as medidas técnicas e organizativas necesarias para o correcto tratamento dos datos e o usuario poderá coñecer e reclamar as disposicións Xerais sobre o exercicio dos seus dereitos contemplados na lei orgánica 3/2018, 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD).

A EGTM informa de que os datos de carácter persoal proporcionados neste formulario, serán unicamente tratados pola persoa responsable da EGTM, Sara Pérez Fandiño, e con excepcionalidade polo profesorado do centro. A recompilación e tratamento dos mesmos ten como única finalidade, poder atender as preguntas e demandas solicitadas, e xestionar as preinscricións, para o correcto tratamento do alumnado; informar dos cambios na EGTM e novos servizos nos que o solicitante mostre interese. Poderás exercer os teus dereitos de acceso, rectificación, limitación e supresión dos mesmos en escolagalegadeteatromusical@gmail.com así como os demais dereitos establecidos entre os artigos 15 e 22 do RGPD. Non se contempla ningún outro tipo de cesión a terceiros (salvo nos casos que por exixencia governamental así fose requirido, pola función pública). O tratamento dos datos facilitará tamén a comunicación online para alumnos e alumnas matriculados. Os datos serán conservados durante o tempo necesario para garantir a seguridade do servizo e o cumprimento das obrigas derivadas das regulacións legais. O usuario terá en todo momento poder para exercer os dereitos de acceso, rectificación, oposición e cancelación, así como os de portabilidade de datos, esquecemento e supresión, establecidos na LOPD.

AUTORIZACIÓN PARA A PUBLICACIÓN DE IMAXES DO ALUMNADO DA EGTM

D.....con DNI e/ou

Da.....con DNI.....

Como representante legal do alumno/a:.....

Autorizo Non autorizo


Á EGTM a facer uso de material audiovisual tomado durante as clases do centro, no que poida aparecer o menor en calidade de alumno/a para:

-Difundir a actividade realizada no centro. / Deixar constancia do traballo realizado na EGTM. / Dar ás familias como recordo do traballo que realizou o alumnado. / Realizar publicacións en redes sociais, páxina web e prensa escrita co único fin de dar a coñecer as nosas actividades.

Este uso non será nunca contrario ó interese dos alumnos/as.

ASINADO:

Pai/Tutor Nai / Titora Alumno/a



En A Coruña, adede.....